



I.E.S. MONELOS – A CORUÑA
XANEIRO 2017

**LOITANDO
POLA**



PAZ

30 DE XANEIRO

UNHA REFLEXIÓN SOBRE A PAZ

Dende hai séculos o home medra en tecnoloxía, pero non evoluciona na procura da paz.

Somos capaces dos maiores xestos de amor e da maior violencia.

Non é doado eliminar do ser humano os impulsos violentos pero podería acadarse:

- ❖ Se existise xustiza para todos.
- ❖ Se todos tivesen acceso á cultura como camiño á liberdade de pensamento.
- ❖ Se o obxectivo máis importante dos nosos políticos fose a paz dos seus pobos.
- ❖ Se eliminásemos a fabricación e o comercio de armas.
- ❖ Se se frease a agresividade dos intereses económicos.
- ❖ Se fósemos máis comprensivos coas debilidades e erros dos demais.
- ❖ Se pensásemos na satisfacción que nos aporta facer o ben.

En definitiva, se educásemos o noso cerebro e as nosas emocións para construír e non para destruír.

OS QUE LOITAN POLA PAZ

Organizacións como a ONU amósanse ineficaces para loitar contra a violencia.

Os nosos dirixentes políticos non parecen saber solucionar o reto social da procura da paz e volven a mirada a outro lado.

Os cidadáns do mundo desenvolvido, despois incluso de soportar guerras terribles, consideran lonxanos os conflitos que se están a vivir noutros países. Son unha nova máis nun informativo. Desexan a paz pero non saben como loitar por ela.

Só organizacións illadas e altruistas entregan o seu esforzo e ata a súa vida para levar alivio aos que sofren como consecuencia das guerras que traen a fame, a morte e a destrución.

Adicamos, pois, este día a eles e pretendemos que as novas xeracións non pechen os ollos, adormecidos por unha sociedade de confort, e se comprometan para que a paz non sexa só unha data que conmemorar.